

**13 de xullo - 12:00 horas**

## Lugar de celebración

A regata celébrase nas inmediacións do **Paseo Marítimo de Pontedeume**, onde se habilitará un aparcadoiro para estacionar os vehículos e remolques dos clubs participantes.

As piraguas colocaranse nas zonas verdes sinalizadas, próximas á liña de saída.

## Distancias das probas

**1.500 m.** para prebenxamíns, benxamíns e alevíns A e B : 1 volta con dúas ciabogas.

**3.000 m.** para cadetes, infantís A e B: 2 voltas con catro ciabogas.

## Trofeos e medallas

Recibirán trofeos os tres primeiros clubs clasificados. Entregaráselles unha medalla aos piragüistas clasificados en primeira, segunda e terceira posición de cada unha das categorías e modalidades.

A entrega realizarase no mesmo lugar da celebración da regata sobre ás 14:45 horas.



## Horario aproximado de acceso ao campo de regatas e saídas das diferentes categorías.

- **K-1 e K-2 Benxamín e PreBenxamín (Home e Muller):** Embarque de 11:50 a 11:59 / **Saída ás 12:00.**
- **K-1 e K-2 Muller Alevín A e B:** Embarque de 12:15 a 11:24 / **Saída ás 12:25.**
- **K-1 e K-2 Home Alevín A e B:** Embarque de 12:40 a 12:49 / **Saída ás 12:50.**
- **K-1, C1, K-2 e C-2 Infantil Mulleres A e B:** Embarque de 13:05 a 13:14 / **Saída ás 13:15.**
- **K-1, C1, K-2 e C-2 Infantil Homes A e B:** Embarque de 13:35 a 13:44 / **Saída ás 13:45.**
- **K-1, C1, K-2 e C-2 Cadete (Home e Muller) :** Embarque de 14:05 a 14:14 / **Saída ás 14:15.**

## Outra información

-Prégase non tirar o lixo ao chan e facelo nos colectores para o seu tratamento diferenciado.

-Para calquera outra información poñerse en contacto coa organización da regata nos teléfonos: 605236646 - 616628990.

